



DE REDONDELA

DE TÍTERES  
~ 2015 ~

INTERNACIONAL  
*memorial Juanjo Amoedo*

16 FESTIVAL  
26 ~ 31 maio

## PROGRAMACIÓN ESCOLAR

**MARTES 26 de maio**.....  
10.30h. e 12.00h. Auditorio de Chapela. "As Fabas Máxicas" Caramuxo Teatro. Galicia.

**MÉRCORES 27 de maio**.....  
10.30h. e 12.00h. Auditorio da Xunqueira. "Adiós Bienvenida" Mimaia-Teatro. Cataluña.

**XOVES 28 de maio**.....  
10.30h. e 12.00h. Auditorio da Xunqueira. "Adiós Bienvenida" Mimaia-Teatro. Cataluña.

**VENRES 29 de maio**.....  
10.30h. e 12.00h. Auditorio da Xunqueira. "Hay un gallo en tu tejado" Titirigui Teatro. Madrid.

## PROGRAMACIÓN DE SALA

**MÉRCORES 27 de maio**.....  
21.00h. Auditorio da Xunqueira. "Adiós Bienvenida" Mimaia-Teatro. Cataluña. +6.

**XOVES 28 de maio**.....  
21.00h. Auditorio da Xunqueira. "Bonecos do Santo Aleixo" CENDREV. Portugal. +12.

**VENRES 29 de maio**.....  
20.30h./21.00h./21.30h./22.00h./22.30h. Auditorio da Xunqueira.  
"O Quadro de uma familia" Pigmalião Escultura que Mexe. Brasil. +16.  
Duración 15 minutos. Aforamento 80 persoas. Prezo 3 €.

21.00h. Auditorio de Chapela. "Bonecos do Santo Aleixo" CENDREV. Portugal. +12.

21.00h. Casa da Cultura. Quico Cadaval senta cos titiriteiros (Encontro-Coloquio).

21.00h./21.30h./22.00h. Centro Recreativo Cultural de Redondela.

"A espera" Titereficiós (Redond-Off). Galicia. +16.

Duración 20 minutos. Aforamento 40 persoas. Prezo 2 €.

**SÁBADO 30 de maio**.....  
17.00h. Auditorio da Xunqueira. "Hay un gallo en tu tejado" Titirigui Teatro. Madrid. Familiar.

21.00h. Auditorio da Xunqueira. "El Avaro" Companyia Pelmánec. Cataluña. +12.

**DOMINGO 31 de maio**.....  
17.00h. Auditorio da Xunqueira. "A caso do Avó" Tanxarina Títeres. Galicia. Familiar.

21.00h. Auditorio da Xunqueira. "Body Rhapsody" Hugo Suárez. Perú. +12.

Prezos: Nen@s 3€ / Adult@s 5€. Apertura de billeteira dúas horas antes de cada función (Sábado e Domingo ás 16,00h.) Aforo limitado.  
Agás "O Quadro de uma familia" Prezo 3€ e "A espera" Prezo 2€.

## PROGRAMACIÓN DE RÚA

### VENRES 29 maio

20.00h. Paseo da Xunqueira. "Enginys Eko-Poetiks" Katakarak (Presentación). Cataluña. Até 21.00h.

20.30h. Praza Reveriano Soutullo. "Un diaño na maleta" Títeres Cascanueces. Galicia.

22.45h. Paseo da Xunqueira. Fanfarria Taquikardia (Música). Galicia.

### SÁBADO 30 maio

13.00h. Praza do Concello. "Ikú & Elegguá" Títeres Cascanueces. Galicia.

17.00h. Soportais do Concello-Alfonso XII. Fanfarria Taquikardia (Música). Galicia.

17.30h. Pista da Xunqueira. "Enginys Eko-Poetiks" Katakarak (Espazo lúdico). Cataluña. Até 20.30h.

Alfonso XII-Ribeira. "Pas si bête" Cie. Ekart (Itinerante). Francia.

18.00h. Praza do Concello. "Un diaño na maleta" Títeres Cascanueces. Galicia.

Campo da Petanca. Cé Orquestra Pantasma (Música). Galicia.

18.30h. Alfonso XII-Ribeira. "Rodafonio" Factoría Circular (Itinerante). Cataluña.

19.00h. Fonte Santiago-Alfonso XII. "Le Réveil des Vilains" Les Frères Cartons (Itinerante). Francia.

19.30h. Praza do Concello. "Ikú & Elegguá" Títeres Cascanueces. Galicia.

Paseo da Xunqueira-Alfonso XII. Fanfarria Taquikardia (Música). Galicia.

20.00h. Casa da Torre. "El Espantapájaros Fantasma" Mutis Teatro. Castela-León.

Campo da Petanca. Cé Orquestra Pantasma (Música). Galicia.

Xardíns da Alameda. Calceñín Furado (Música). Galicia.

20.30h. Alfonso XII-Xardíns da Alameda. "Pas si bête" Cie Ekart (Itinerante). Francia.

Praza do Concello. "Un diaño na maleta" Títeres Cascanueces. Galicia.

21.00h. Ribeira-Alfonso XII. "Rodafonio" Factoría Circular (Itinerante). Cataluña.

Praza A. Otero-Alfonso XII. "Le Réveil des Vilains" Les Frères Cartons (Itinerante). Francia.

21.30h. Praza do Concello-Xardíns da Alameda. Calceñín Furado (Música). Galicia.

22.00h. Paseo da Xunqueira. Fanfarria Taquikardia (Música). Galicia.

### DOMINGO 31 maio

11.30h. Saída A Portela. "O paseo dos pitiños" (Excursión que mistura contorno e espectáculo).

Coa participación de Cia. Ekart "Maurice et Jules" + Charanga Ponmunkinto.

12.00h. Pista da Xunqueira. "Enginys Eko-Poetiks" Katakarak (Espazo lúdico). Cataluña. Até 14.00h.

12.30h. Praza do Concello. "Mr. Pancho e a última función" Títeres Alakrán & Cascanueces. Galicia.

13.30h. Soportais do Concello. Charanga Ponmunkinto (Música). Galicia.

17.00h. Campo da Petanca. "Jiñol" Trompicallo Títeres. Galicia.

Pista da Xunqueira. "Enginys Eko-Poetiks" Katakarak (Espazo lúdico). Cataluña. Até 21.00h.

Xardíns da Alameda. Charanga Ponmunkinto (Música). Galicia.

17.30h. Alfonso XII-Xardíns da Alameda. "Maurice et Jules" Cie Ekart (Itinerante). Francia.

Paseo da Xunqueira-Alfonso XII. Charanga O Santiaguíño (Música). Galicia.

Praza de Reveriano Soutullo. "A caixa musical vivente" Viola Della Rocca. Italia.

(Títeres pola Gorra). Pases: 17.30h./19.00h./20.30h.

18.00h. Casa da Torre. "El Espantapájaros Fantasma" Mutis Teatro. Castela León.

Praza do Concello. "Mr. Pancho e a última función" Títeres Alakrán & Cascanueces. Galicia.

18.30h. Alfonso XII-Ribeira. "Le Réveil des Vilains" Les Frères Cartons. (Itinerante). Francia.

Paseo da Xunqueira-Xardíns da Alameda. Charanga Ponmunkinto (Música). Galicia.

19.00h. Alfonso XII-Ribeira. "Rodafonio" Factoría Circular (Itinerante). Cataluña.

19.30h. Casa da Torre. "El Espantapájaros Fantasma" Mutis Teatro. Castela León.

Praza da Constitución-Alfonso XII. Charanga O Santiaguíño (Música). Galicia.

20.00h. Praza do Concello. "Mr. Pancho e a última función" Títeres Alakrán & Cascanueces. Galicia.

Fonte de Santiago-Xardíns da Alameda. Charanga Ponmunkinto (Música). Galicia.

20.30h. Praza A. Otero-Alfonso XII. "Le Réveil des Vilains" Les Frères Cartons (Itinerante). Francia.

Paseo da Xunqueira. "Maurice et Jules" Cie Ekart (Itinerante). Francia.

Campo da Petanca. "Jiñol" Trompicallo Títeres. Galicia.

21.00h. Ribeira-Alfonso XII. "Rodafonio" Factoría Circular (Itinerante). Cataluña.

22.00h. Paseo da Xunqueira. Charanga O Santiaguíño (Música). Galicia.

### EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA "Foto colectiva"

Multiúsos da Xunqueira. Inauguración: martes 26 de maio ás 19.00h. Até o 8 de xuño.

[www.blogoteca.com/xentetitiriteira](http://www.blogoteca.com/xentetitiriteira)  
[www.facebook.com/FestivalDeTiteresDeRedondela](https://www.facebook.com/FestivalDeTiteresDeRedondela)



## MIMAIA-TEATRO (Cataluña)

Mimaia, palabra utilizada no sur para indicar un refuxio ou lugar de salvación no xogo das agachadas. Mimaia é o refuxio onde, de maneira poética e próxima, intentamos expresar a nosa forma de ver o mundo a través do teatro de obxectos e monicreques.

### "Adiós Bienvenida" (actriz e monicreques)

Todos os domingos a mesa de Bienvenida éñchese de mariñeiros para gozar das mellores sardiñas do porto. Unha grande mesa sen mantel, con olor a peixe; unha mesa na que se permite escribir, coma nun grande libro aberto... Do mar á mesa, da mesa ao mar... a vida pasa nun ciclo continuo, coma un peixe que morde a súa cola.

Adeus Bienvenida fálanos dos ciclos da vida, da necesidade do fin dalgunhas cousas para que algo novo poida comezar.

Premio Drac D'or Mellor Dramaturxia, Fira de Titelles de Lleida 2014.

Premio Feten. Espectáculo Revelación 2013.

Premio do Xurado. Festitífteres 2013.

Mércres 27 ás 10.30h. e 12.00h. Auditorio da Xunqueira (escolares)

Xoves 28 ás 10.30h. e 12.00h. Auditorio da Xunqueira (escolares)

Mércres 27 ás 21.00h. Auditorio da Xunqueira (+6 anos)





## CARAMUXO TEATRO (Galicia)

Codirixida por Juan Rodríguez e Laura Sarasola. Caramuxo crea espectáculos poéticos e visuais axeitados para gozar en familia, tendo unha especial responsabilidade co público máis novo.

### "As Fabas Máxicas" (monicreques e actor)

Unha nova versión do coñecido conto infantil "Xan e as fabas máxicas". Tras criarse na aldea coa súa avoa, Xan vive agora de adulto nun apartamento de Nova York. Un día, coidando as plantas da súa terraza, descobre algo que lle fai lembrar unha infancia chea de aventuras.

Nominada á Mellor Obra Infantil nos Premios María Casares-2015.

Martes 26 ás 10.30h. e 12.00h. Auditorio de Chapela (escolares)



## TITIRIGURI TEATRO (Madrid)


Sonia Muñoz, titiriteira e actriz apaixonada polo teatro para a infancia, investiga novas formas de comunicación co universo infantil. Tras varias experiencias, e ligando diversas artes, chega a desenvolver unha linguaxe de comunicación propia.

### "Hay un gallo en tu tejado"

(actriz e novas tecnoloxías)

Un gallo atópase atrapado no tellado dun edificio dunha cidade. A veciña de abaixo, intrigada polo canto dun gallo que soa como o muxido dunha vaca, pregóntalle o por que do seu canto. En clave de humor e en verso iremos desenleando esta historia.

Espectáculo interdisciplinario que conxuga teatro, títeres, artes plásticas e novas tecnoloxías.



Venres 29 ás 10.30h. e 12.00h. Auditorio da Xunqueira (escolares)

Sábado 30 ás 17.00h. Auditorio da Xunqueira (familiar+3 anos)



## PIGMAIÃO ESCULTURA QUE MEXE (Brasil)

Colectivo de artistas que encontraron no teatro de bonecos o vehículo ideal para desenvolveren traballos no límite entre as artes escénicas e as artes plásticas con grande profundidade conceptual e filosófica.

### "O Quadro de uma familia" (corpóreos e monicreques)

Certos de seren unha familia, os compoñentes dese cadro posan xa automaticamente eternizados. Todas as análises que se fagan sobre cada un deles tornarán máis clara a súa comprensión.

Venres 29 ás 20.30h./21.00h./21.30h./22.00h./22.30h.

Auditorio da Xunqueira (+16 anos)

Duración 15 minutos. Aforamento 80 persoas. Prezo 3€.



## CENDREV Centro Dramático de Évora (Portugal)

O CENDREV, Centro Dramático de Évora, cumpriu corenta anos de traballo, desenvolvidos arredor da creación artística, a formación teatral e a xestión do centenario Teatro Garcia de Resende.

### "Bonecos do Santo Aleixo" (títeres de vara)

Estes monicreques tradicionais do Alentejo parecen ter tido a súa orixe na aldea que lles dá o seu nome. Son títeres de vara, manipulados por enriba, á semellanza das grandes marionetas do sur de Italia e do norte da Europa.

Xoves 28 ás 21.00h. Auditorio da Xunqueira / Venres 29 ás 21.00h. Auditorio de Chapela (+12 anos)



# COMPANYA PELMÀNEC (Cataluña)

A compañía Pelmà nec é a plataforma creativa de Miquel Gallardo, actor, manipulador e dramaturgo con máis de 20 anos de carreira.

## "O Avaro" (actor e teatro de obxectos)

No ano 2000, a partir dunha idea orixinal de Jordi Bertrán, Miquel Gallardo, Olivier Benoit, Eva Hibernia e o mesmo Jordi Bertrán crearon O avaro, unha hilarante e orixinal versión da obra de Molière na que se substituíu o ouro, como a riqueza que o protagonista ansiaba e acumulaba, pola auga.

Os anos foron pasando, mais a situación social e económica, e a paulatina desertización do planeta, a pesar dos avisos cada vez máis alarmantes non só por parte de grupos ecoloxistas senón tamén por parte de asociacións de científicos, poñen aínda máis de actualidade esta obra, quince anos despois da súa estrea.

Premio Mellor Espectáculo na Fira de Titelles de Lleida 2002

Premio Mellor Espectáculo e Mellor Interpretación na Fira de Titelles de la Vall d'Albaida 2002

Premio do Xurado ao Mellor Espectáculo do Festival de Belo Horizonte 2003 (Brasil)

Premio ao Mellor Espectáculo da Tempada Espectadores do Teatro del Mar 2003

Premio do Festival PIF de Zagreb 2005 (Croacia)

Premio do Festival de Ostrava 2005 (República Checa)

Premio ao espectáculo máis orixinal do festival Lutke 2008 (Eslovenia)

Premio do público do festival Lutke 2008 (Eslovenia)

Sábado 30 ás 21.00h. Auditorio da Xunqueira (+12 anos)



## TANXARINA TÍTERES (Galicia)

Unha das formacións máis recoñecidas e prestixiosas do teatro de títeres galego tanto dentro como fóra de Galicia. A relación escénica entre títeres e actores vén sendo un dos sinais de identidade da compañía dende os seus primeiros espectáculos.

### "A Casa do Avó" (actor e teatro de siluetas)

Roberto recibe a noticia de que o seu avó vai quedar sen casa. Ante esta inxusta situación o nenoponse en marcha para atopar unha solución e, nesta busca, dispárase un mundo de pequenas e divertidas aventuras. Unha peza de teatro social onde os dereitos dos nenos e dos maiores van máis ala do puramente artístico.

Premio María Casares 2015 Mellor Obra Infantil

Domingo 31 ás 17.00h. Auditorio da Xunqueira (familiar+4 anos)





## HUGO SUÁREZ (Perú)

Hugo Suárez é un mestre. É unha lenda.

Este ilusionista é un hábil mago dun básico, espartano e infinitesimal tipo de mimo e monicreques corporais. Facendo un percorrido dende o mimo clásico ata os títeres corporais, cunha aparentemente simple manipulación do corpo, mans, brazos e pernas, e incluso pés e dedos.

Así, o mimo termina convertendo o seu corpo nun grande retablo onde se pasean exóticas e fráxiles criaturas alieníxenas que nos contan suaves historias poéticas en miniatura. Estes simpáticos personaxes, pedindo prestada unha parte do corpo e tendo a ilusión de posuír unha pequena alma, tentan sobrevivir no misterio dunha metáfora ou no corazón dunha gargallada.

### "Body Rhapsody" (títeres corporais)

É un desfile pintoresco de divertidos personaxes que, nos breves momentos da súa existencia sobre a escena, pretenden atrapar aqueles pequenos momentos poéticos que se atopan agochados na vida diaria. Estes personaxes, cos seus soños e frustracións, cos seus éxitos e fracasos, cóntannos o eterno drama da traxicomedia humana...

Domingo 31 ás 21.00h. Auditorio da Xunqueira (familiar + 12 anos)



## TÍTERES CASCANUECES (Galicia)

O repertorio da compañía contén obras para todos os públicos, tratadas con diferentes técnicas de animación (luvas, marrotes, esperpentos, peles, marionetas, bocóns, luvas chinesas, varas...).

### "Un díaño na maleta" (monicques de luva)

A piques de comezar a función, ao Díaño deulle unha rabecha. Quere ser o protagonista da obra e de paso tamén quere deixar aos demais monicques no fondo da maleta para sempre.

Venres 29 ás 20.30h. Praza Reveriano Soutullo.  
Sábado 30 ás 18.00h. e 20.30h. Praza do Concello.

### "Ikú & Elegguá" (monicques de luva)

Ikú, a morte na tradición yorubá, persegue a Elegguá, deus neno que representa a alegría de vivir, as bromas e as trasnadas.

Sábado 30 ás 13.00h. e 19.30h. Praza do Concello.



## TÍTERES ALAKRÁN & TÍTERES CASCANUECES (Galicia)

Títeres Alakrán nace no ano 2003 a cargo do titiriteiro, actor e escultor Francisco Borja Ínsua Lema. Construtor e manipulador de monicques, Borja Ínsua desenvolve en Títeres Alakrán espectáculos propios que abranguen distintas técnicas (luva, varas, sombras chinesas, fíos) e xéneros, tanto para nenos coma para adultos.

### "Mr. Pancho e a última función" (fíos e varas)

Un achegamento ao mundo do teatro dende a perspectiva dun grupo de actores e músicos do século XXI que se ven abocados a deixar o seu teatro por un sospeitoso embargo.

Domingo 31 ás 12.30h, 18.00h e 20.00h. Praza do Concello.



## COMPAGNIE ÉKART (Francia)

Tarek Messaner, o fundador da Compañía, montou a súa base en Thonon, localidade da Alta Savoia; e alí puxo a traballar as súas artes de mestre construtor de bonecos xigantes dotados de moita plasticidade, diversos recursos de manipulación e unha grande expresividade. Teremos o pracer de acompañar polas rúas da vila a dúas das súas creacións máis sorprendentes.

### "Pas si bête" (teatro de rúa itinerante)

Querer aprenderlle bos modais a Héctor, o mono, non é calquera cousa! Mais esa é a misión que se propuxo Mario, o antropólogo. A aventura dos dous amigos faravos vivir situacións tenras e burlescas e descubriredes quen dos dous é máis humano!

Sábado 30 ás 17.30h. Alfonso XII-Ribeira.  
20.30h. Alfonso XII-Xardíns da Alameda.



### "Maurice & Jules" (teatro de rúa itinerante)

Dise que os franceses teñen a "sinistrose", que pasan máis tempo na rúa manifestándose que no traballo. Dise mesmo que o «french lover» xa non existe. Maurice, un galo de 2.50 m, e o seu cabaleiro Jules, probaremos que aínda é posible cantar cando se teñen "os dous pés no esterco".

Domingo 31 ás 17.30h. Alfonso XII-Xardíns da Alameda.  
20.30h. Paseo da Xunqueira.





## FACTORIA CIRCULAR (Cataluña)

### "Rodafonio" (teatro de rúa itinerante)

Dende o máxico mundo dos inventos chega RODAFONIO. Una grande roda que percorre as rúas levando no seu ventre metálico 5 benaventurados tripulantes, que se integran nela para darlle movemento a través da música.

Una posta en escena arriscada, un enxeño mecánico, que entre fórmulas matemáticas e partituras, cobra vida para xogar coa alma festiva da rúa, converténdoa nunha evocación completa e dinámica da feira clásica e invitándonos a formar parte dunha grande viaxe onírica.

Sábado 30 ás 18.30h. Alfonso XII-Ribeira.

21.00h. Ribeira-Alfonso XII.

Domingo 31 ás 19.00h. Alfonso XII-Ribeira.

21.00h. Ribeira-Alfonso XII.



## LES FRÈRES CARTON (Francia)

Esta agrupación naceu no ano 2002, arredor de Alain Chiaberto e Olivier Boujon, combinando no seu traballo as técnicas de circo co universo do clown. A eles xuntouse no 2007 Olivier Miraglio para a produción deste novo espectáculo, coa intención de facer "burlesco de proximidade", que chegue de igual maneira aos "enfants terribles" coma ás avoas emotivas....

### "Le Réveil des Vilains" (teatro de rúa itinerante)

Tres caixas abanean no medio da xente. Todo o mundo se pregunta que poden agochar esas tres caixas de cores, con cabeza de ovo e que avanzan sobre perniñas ben brancas. De súpeto as caixas ábrense!!

Sábado 30 ás 19.00h. Fonte de Santiago-Alfonso XII.

21.00h. Praza A. Otero-Alfonso XII.

Domingo 31 ás 18.30h. Alfonso XII-Ribeira.

20.30h. Praza A. Otero-Alfonso XII.



## TEATRO MUTIS (Castela-León)

TEATRO MUTIS leva máis de 20 anos dun lado a outro con espectáculos para adultos e para todos os públicos, pero é nos derradeiros quince anos e, fundamentalmente, coas montaxes para nenos e nenas, cando máis recoñecemento artístico acada en feiras e festivais de toda Europa.

### "El Espantapájaros Fantasma" (actores e monicreques)

Unha granxa destartada cos máis diversos ferranchos, de aspecto inquietante, e na que a vella propietaria leva días sen ser vista. Unha nena entra na granxa por motivos secretos e un neno acompañaa con afán de aventuras. As trapalladas parecen estar vivas ás ordes dun espectral espantallo.

Sábado 30 ás 20.00h. Casa da Torre. / Domingo 31 ás 18.00h. e 19.30h. Casa da Torre.



## TROPICALLO TÍTERES (Galicia)

A compañía de monicreques Tropicallo inicia o seu traballo no ano 1997 co propósito de producir, investigar e difundir a arte dos monicreques.

### "Jiñol" (monicreques de luva)

A estúpida idea do Sr. Bulú de facerse uns zapatos, achega ao teatriño un estraño paquete dun afastado país. Que nervios ten o Sr. Bulú! ... Pero ... pero ... isto que é???? Socorro, socorro! Un crocodilo! ¡Policíaaaaaaaaaa!.

Domingo 31 ás 17.00h. e 20.30h. Campo da Petanca.



## KATAKRAK (Cataluña)

Katakrak é unha plataforma de creación de artiluxios participativos, insólitos e sostibles. Coas súas montaxes quere compartir a paixón de crear novos espazos de ocio máis sostibles e reivindicar así as nosas prazas e parques coma espazos comúns de convivencia.

### "Enginys Eko-poètiks" (espazo lúdico)

Instalación interactiva onde cada mecanismo é único e autónomo, e todos xuntos crean un espazo orixinal, lúdico e participativo. Neste traballo complementamos os tres eixos da compañía: creatividade, reciclaxe e xogo, con principios básicos de electricidade, electrónica, enerxías renovables e un pouco de poesía.

Venres 29 de 20.00h. até 21.00h. Paseo da Xunqueira.

Sábado 30 de 17.30h. até 20.30h. Pista da Xunqueira.

Domingo 31 de 12.00h. até 14.00h. Pista da Xunqueira.

17.00h. até 21.00h. Pista da Xunqueira.



## "O PASEO DOS PITIÑOS" (Excursión que mistura contorno e espectáculo)

Parte da premisa de mesturar contorno e espectáculo. Non é un pasarrúas. É unha excursión, un paseo, unha excusa para compartir unha pequena viaxe dende un dos currunchos máis míticos e entrañables da vila de Redondela: A Portela.

Acompañaremos a unha Galiña xigante e pedímosvos que os nen@s veñan vestidos de pitos ou de amarelo. Calquera outro animal ou proposta será benvida.

Coa participación de Cie Ékart e Charanga Pomunkinto.

Domingo 31 ás 11.30h. A Portela-Praza do Concello.

Saída: A taberna de Ramona (A Portela).





## FANFARRIA TAQUIKARDIA (música)

11 rapaces das Rías Baixas de Varsovia, ritmos balkánicos, melodías klezmer, do mesmo centro dos Cárpatos, chegan sempre montando escándalo. A velocidade vertixinosa das harmonías centroeuropeas que os caracterizan serve como banda sonora de momentos inesquecibles, tanto pola súa musicalidade como polo surrealismo escenográfico co que adoitan acompañar os seus concertos. Sen amplificadores, sen micrófonos, sensacionais...

Venres 29 ás 22.45h. Paseo da Xunqueira.

Sábado 30 ás 17.00h. Soportais do Concello-Alfonso XII.

19.30h. Paseo da Xunqueira-Alfonso XII.

22.00h. Paseo da Xunqueira.



## CÉ ORQUESTRA PANTASMA (home orquestra)

Con máis de 900 concertos en sete anos, este músico leva percorrido toda a xeografía galega, paseándose polos mellores festivais e festas do país aos que leva ás costas a súa proposta.

A trangallada musical da Orquestra Pantasma consegue transportarnos aos tempos en que nas festas todos eran partícipes e creadores do divertimento, quedando a pasividade practicamente desterrada do campo da festa.

Sábado 30 ás 18.00h. e 20.00h. Campo da Petanca.



## CALCETÍN FURADO (música)

Nunha festa... unha feira... nun recuncho do camiño... aparecen estes músicos festivos, que como os vellos gaiteiros percorren a nosa comarca levando ledicia alá onde van. A enerxía que desprenden estes músicos entronca coa xénese musical galega. A castañola vólvese rebelde, a gaita asubía suave... e a festa está feita.



Sábado 30 ás 20.00h. Xardíns da Alameda e 21.30h. Praza do Concello-Xardíns da Alameda.

## CHARANGA PONMUNKINTO (música)

Somos un grupo de amigos de Noia, A Coruña. A día de hoxe, somos 11 persoas formando o grupo: Marta, Natalia e Lucía co saxo alto; María co saxo tenor; Chema e Balduino coa trompeta; Martín co trombón; Belén coa frauta; Lorena co bombo; Pablo cao batería, e Silvia co baixo eléctrico.



Domingo 31 ás 13.30h. Soportais do Concello.  
17.00h. Xardíns da Alameda.  
18.30h. Paseo da Xunqueira-Xardíns da Alameda.  
20.00h. Fonte de Santiago-Xardíns da Alameda.

## CHARANGA O SANTIAGUÍÑO (música)

Procedentes da Banda Municipal de música de Padrón. Para nós, ir a unha festa é ver como a xente goza con nós, e nós con eles; é o noso maior premio. Realizamos múltiples actuacións por toda a comunidade de Galicia, mesmo chegamos a Asturias, León e Portugal.

Domingo 31 ás 17.30h. Paseo da Xunqueira-Alfonso XII.  
19.30h. Praza da Constitución-Alfonso XII.  
22.00h. Paseo da Xunqueira.



## ENCONTRO-COLOQUIO "Quico Cadaval senta cos Titiriteiros"

Quen move os fíos?

É a pregunta infantil que aparece cando a unión de marionetista e fantoche excede o mecánico e o artístico. Cando parecen distintas facetas do mesmo corpo humano, que se manifesta en distintos tamaños. Normalmente as marionetas son máis pequenas que o artista manipulador que por ser humano é unha criatura ben pequena. Para Cadaval o teatro de títeres representa o verdadeiro teatro, porque non ten a coartada da carne humana, é a pura representación dos soños. Por iso quere interrogar aos titiriteiros, para que confesen o que saben.

O Festival lanza una mirada poética ao oficio dos Titiriteiros. É un encontro. Un espazo para coñecer o oficio dende outro sitio. Antropoloxía sobre o mundo dos fantoches da man de Quico Cadaval.

Titiriteiros convidados:

Eduardo Rodríguez "Tatán" de Tanxarina.

Larraitz Urruzola de Títeres Babaluva.

Kukas de Os Monicreques de Kukas.

Anxo Garcia de Viravolta Títeres.

Venres 29 ás 21.00h. Casa da Cultura.



## EXPOSICIÓN "Foto Colectiva"

A exposición pretende recoller fotografías doutras edicións e poñer en valor os instantes vividos nestes 16 anos de Festival.

Partindo da idea de facer entre todos un gran collage fotográfico convidámosvos a que traiaades unha foto relacionada co Festival que nós imprimiremos no multiusos para estampala no mural Colectivo.

Multiúsos da Xunqueira.

Inauguración: martes 26 de maio ás 19.00h. Até o 8 de xuño





## TITEREFICCIÓS (Redond-Off)

Empregando a interactividade entre teatro de actor e as máis diversas técnicas en marionetas de fíos, converte as propostas desta Compañía nunha boa opción para achegarnos ós monicreques e ó teatro, cunha escoita mutua, aberta e participativa.

### "A espera" (marionetas de mesa)

A pronta chegada dun ancián a un funeral obrigaralle a agardar pacientemente a aparición da comitiva fúnebre e do propio defunto. Nesta espera, iniciaremos unha viaxe pola vida e lembranzas dun home que, a ritmo de transistor de radio, falaranos da nosa historia recente, da denuncia desde a memoria, das contrariedades no ser humano.

Venres 29 ás 21.00h./21.30h./22.00h.

Centro Recreativo Cultural (+16 anos)

Duración 20 minutos. Aforamento 40 persoas. Prezo 2€.



## TÍTERES POLA GORRA

Chámase Viola Della Rocca e vén de Nápoles. Tras diferentes traballos teatrais en Italia coa Asociación Napolitana de arte de rúa "Vico Pazzariello ARTS", esta artista comeza a percorrer Europa cos seus traballos de rúa.

### "A caixa musical vivente" (mimo e música)

É un pequeno espectáculo de mimo e música. É unha viaxe musical a través de países ou lugares coma: Grecia, Romanía, Portugal e Galicia. Unha caixa musical vivente recorda outros tempos... onde a sinxeleza e a escoita, a poesía e o romanticismo... formaban parte do lecer.

Domingo 31 ás 17.30h./19.00h./20.30h.

Praza Reveriano Soutullo.

